

Apicultores ofrecen charla informativa sobre a Vespa Velutina en Gondomar

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 20 Outubro 2015 18:45



A charla celebrarase o próximo domingo día 25 as 11.00h, no Centro Neural-Xefatura de Policía de Gondomar sendo a entrada de balde e aberta a tódalas persoas interesadas.

Falarase sobre o que compre saber sobre a vida e comportamento da vespa velutina *Nigrotorax*, cales son os colectivos afectados, a elaboración e colocación de trampas e eliminación de niños.

O programa que vai a seguirse é o seguinte:

- O que compre saber sobre a vida e comportamento da vespa velutina *Nigrotorax*.
- O avespón asiático unha ameaza real. Colectivos afectados.
- Como comportarse ante a presenza da V.Velutina.
- Vixianza e control, colocación de trampas para capturar raíñas fundadoras na primavera, eliminación de niños no verán e outono, quen deberá facer esta labor.

Apicultores ofrecen charla informativa sobre a Vespa Velutina en Gondomar

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 20 Outubro 2015 18:45

□ Demostración de elaboración de trampas e atraentes para capturar raíñas fundadoras.

O programa STOP Velutina, que leva a cabo AGA, Asociación Galega de Apicultura e as súas delegacións, comprende varias actividades que consisten basicamente en charlas informativas nos concellos máis afectados e na colocación de trampas para capturar raíñas fundadoras nas zonas onde está presente esta avés e así evitar o maior número posible de niños para o verán.